
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE CONTRATEN GRUPOS MÚSICAIS E ARTISTAS LOCAIS NO CICLO DE FESTAS DE SANTIAGO

No mandato anterior, as festas de Santiago de Compostela, nomeadamente as da Ascensión e as do Apóstolo, iniciaron unha liña de programación de propostas e artistas galegos e galegas integradas en igualdade de condicións aos de procedencia estatal e internacional para situar a Compostela, no contexto europeo, como unha cidade con identidade propia e capacidade de interlocución.

Dentro desta programación de artistas galegos/as tiveron un especial protagonismo as e os artistas locais dentro dos diferentes ciclos propostos e sobre todo no Compostela é Música! Froito da colaboración entre a institución local e a sección compostelana da Asociación Música ao Vivo.

Tendo en conta o anterior, e esperando que o actual goberno de Santiago manteña esta liña de actuación dentro da programación do ciclo das festas da cidade, desde o grupo municipal de Compostela Aberta, **SOLICITAMOS:**

- **Que o Goberno local implemente un plano de contratación de música e cultura ao vivo, de polo menos 250.000 € das partidas de Festas, para a contratación directa de grupos de Compostela no ciclo de festas da cidade, respectando sempre as recomendacións sanitarias vixentes en cada momento**

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021

Branca Novo Rei



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



GRUPO MUNICIPAL

A/A DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA